

DECÁLOGO PARA XESTORES CULTURAI

I Estuda

A Xestión Cultural transfórmase constantemente, requírese formación Inicial e continúa para ser xestor cultural.

II Planifica

A Xestión Cultural exércese pensando, proxectando e, sobre todo, planificando.

III Organiza

A Xestión Cultural é un arduo traballo de grandes metas e escasos recursos nun tempo limitado, que debes resolver con creatividade, eficacia, eficiencia e prospectiva.

IV Facilita

A boa xestión é facilitar a toma de decisións ás persoas que comparten o proxecto cultural con ferramentas diversas.

V Comunica

Dialoga cando informes ou publicites. escoita e contesta sempre aos creadores, ao teu equipo, aos teus colegas, a outros axentes socioculturais e, sobre todo, ao público. A Xestión da Cultura é Comunicación e Intermediación entre Persoas que producen Ideas, Bens e Servizos.

VI Loita

O teu deber é producir Cultura co máximo de calidade e seguridade, para conseguir introducir a Arte na vida todos os días. Esa loita é continúa e diversa, por esa razón debes realizar avaliacións ao final de cada proxecto ou dun período de tempo considerado: uns meses, un ano, etc.

VII Sé leal

Sé leal co teu cliente, ao que non debes defraudar nunca. Leal cos teus colegas aínda que exista competencia. Leal co público e a sociedade que confía no noso traballo, porque somos competentes.

VIII Tolera

A verdade e o gusto en Cultura son un caleidoscopio que requiren paciencia e apertura, o noso papel é aceptar e ponderar sempre.

IX Valora

Ten fe na Xestión Cultural como instrumento para a convivencia humana con ideas, bens e servizos, que perseguen o equilibrio de valores culturais éticos, económicos e estéticos.

X Ama a tua profesión

Trata a profesión de Xestor Cultural de tal maneira que o día que o teu fillo ou a tua filla, che pida consello sobre o seu destino, consideres unha honra para ti propoñerlle que se faga xestor ou xestora cultural.